

IMPACTO LABORAL DA PANDEMIA

segunda onda

SETEMBRO-DECEMBRO DE 2020

A pandemia **augmentou un 44% a carga de traballo**
das persoas tituladas da UVigo

No final de 2020 **despontou a ocupación**
e baixou o desemprego

O Teletraballo deixa de ser
maioritario e **baixa ao 43%**

Luis Espada Recarey
Víctor Manuel Martínez Cacharrón

Observatorio de Persoas Tituladas
Universidade de Vigo



Consello Social
Universidade de Vigo



Edita:

Consello Social – Universidade de Vigo

Dirección

Luis Espada Recarey

Profesor Emérito

Análise de datos

Víctor Manuel Martínez Cacharrón

Enxeñeiro Industrial

Impresión, deseño e paxinación

Gráficas Roel

Depósito legal

VG 721-2021

Informe ampliado



Observatorio de Persoas Tituladas

Universidade de Vigo

Campus Universitario das Lagoas-Marcosende

Edificio Fundación. 36310 Vigo

Tlf: 986 812 192

Correo-e: observatorio.egresados@uvigo.es

Páxina web: <http://observatorio.uvigo.gal/>

Onde a universidade é insubstituíble

Ernesto Pedrosa

Presidente do Consello Social da UVigo

Este traballo é un dos froitos de dez anos de teimosía do Consello Social da UVigo, desde que os profesores Luis Espada Recarey e Víctor M. Martínez Cacharrón nos permitiron compartir a súa laboriosa e heroica inmersión para sacar á luz os egresados espallados por todo o mundo. Sei que foi un labor titánico de aproximación, localización e identificación destas pezas imprescindibles para que a universidade poda elaborar o mapa físico da súa eficiencia e crear unha poderosa rede de embaixadores propios.

Os egresados son a nosa armazón para captar recursos por múltiples vías, que non só é a económica. Debemos aproveitar o seu labor fertilizador, porque eles posúen o ben máis prezado que unha universidade pode ofrecer hoxe aos alumnos: a formación en competencias e a experiencia dos seus antecesores. Este achega-

mento, presinto que transforma a mesma existencia da universidade, alarga a súa lexitimidade social e alicerza a súa rendibilidade pública. Porque os egresados propician unha universidade enriquecida que conecta co sistema produtivo, coa vida empresarial, co mercado de traballo... mais especialmente co pulso da sociedade.

No Consello Social acreditamos que alén de aproveitar as posibles clases mestradas que poderían impartir, alén de velos como impagables aceleradores de emprego, ou de telos como potenciais financiadores, os egresados acumulan un inmenso poder para difundir e fortalecer o coñecemento masivo da universidade e da reputación da propia marca universitaria. Son en si mesmos un enorme foco de visibilidade e fontes informativas de extraordinario valor; son unha forza docente ilustrada por frutuosas traxectorias e responsabilidades, por brillantes currículos profesionais ou por acreditadas e excelentes experiencias prácticas.

“No Consello Social acreditamos que os egresados acumulan un inmenso poder para difundir e fortalecer o coñecemento masivo da Universidade de Vigo e da reputación da propia marca universitaria”

Ben se xustifica que teñamos apoiado este xigantesco esforzo de localizar polo mundo todos os egresados, 71.487 persoas tituladas da UVigo entre 1990 e 2015, que viñeron a estudar aquí desde 23 países. Capaz tamén de formar profesionais que exercen hoxe en 68 países.

Estamos perante un estudo pioneiro no sistema universitario español que permite extraer mapas e argumentos, e –moi importante– coñecer se o mercado de traballo e a formación recibida están en sintonía. Nas súas conclusións descubrimos comportamentos sorprendentes, actitudes reveladoras e experiencias aproveitables. Pero máis alá dos datos, este estudo revela unha socioloxía


dos comportamentos analizado cunha abraiante e rica verticalidade, útil para mellorar modelos e prever erros.

Comprenderán o cambio que pode operar na universidade a súbita proximidade e afecto de millares de persoas ata agora desconectadas. E comprenderán que os egresados teñan neste momento rango de prioridade estratéxica para nós. Este estudo foi feito en tempos convulsos e de dificultades. Niso reside a súa grandeza. Porque é xusto onde a universidade se fai máis insubstituíble e pode

prestarnos o seu mellor servizo. Ningunha outra institución nos pode fornecer o que non sabemos e darnos certezas para xestionar o futuro, comprender un mundo tan complexo e confuso como o actual e conducirnos polo camiño do desenvolvemento, a investigación, a igualdade, os valores, o progreso e a xustiza.

“Este estudo foi feito en tempos convulsos e de dificultades. Niso reside a súa grandeza. Porque é xusto onde a universidade se fai máis insubstituíble e pode prestarnos o seu mellor servizo”

Todo o que ten acontecido durante este tempo, coa dixitalización á fronte, lévanos a novos escenarios. Precisamos un novo marco mental e novos valores. Estudos como o que aquí presentamos son de grande axuda para entendelo.



0 Introducción

O Estudo sobre o impacto da segunda onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo é unha actividade do Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo coa colaboración do Consello Social da UVigo.

Esta investigación consistiu nunha enquisa aplicada a unha mostra representativa de 2.283 antigos estudantes da UVigo cuxo traballo de campo foi realizado entre o 27 de xaneiro e 5 de abril de 2021. O período avaliado decorreu entre o 1 de setembro e o 31 de decembro de 2020, coincidindo coa segunda vaga da pandemia. Previamente, o Observatorio realizara un estudo inicial sobre o impacto durante o grande confinamento da primeira onda (marzo-xuño de 2020).

O informe definitivo, cunha extensión de 434 páxinas, inclúe múltiples comentarios sobre os resultados obtidos en función de diferentes variábeis de segmentación (xénero, rama académica, tipo de estudos, promoción académica, lugar de residencia/traballo...), incorporando 341 cadros e 138 anexos.

O impacto da crise por Covid-19 é abordado a partir de tres perspectivas:


- Sanitaria: Contaxios no lugar de traballo ou no entorno laboral
- Laboral: Incidencia nas taxas de ocupación e de desemprego
- Modo de Traballo: Medidas organizativas tomadas polas empresas para encarar a pandemia.

O estudo aborda de forma específica a implantación do Teletraballo, incluíndo a súa potencialidade, factores facilitadores, vantaxes, inconvenientes e habitabilidade das vivendas.

1 Impacto sanitario da segunda onda da pandemia

A maioría de titulados/as (55,6%) referiu a existencia dalgún caso de contaxio de Covid-19 no seu ambiente de traballo.

Gráfica nº1: Incidencia sanitaria da pandemia a nivel global e segundo o lugar de traballo




- Rama de actividade: Houbo máis incidencia no sector público (72,1%) que na empresa privada (48,3%) e entidades non lucrativas (47,6%).
- Sector económico: Afectou máis ao ensino/docencia (77,2%), sanitario/saúde (74,0%), aeroespacial (72,7%); industria química, plástico, vidro e envases (68,4%), téxtil e confección (68,2%) e actividades inmobiliarias (66,7%).

2 Impacto laboral da segunda onda da pandemia

Situación socio-laboral

A 31 de decembro de 2020 a inmensa maioría (85,4%) seguía no mesmo emprego/actividade que tiña a 1 de setembro. Un 4,5% xa estaba desempleado, ao que se suma os que perderon o emprego (2,0%). O 2,6% seguía na mesma situación anterior (estudante, xubilado/pensionista, prepara oposicións...).

Gráfica nº2: Variación na situación socio-laboral




Taxa de ocupación

A ocupación aumentou o 1,68%, ao pasar do 89,5% en setembro de 2020 ao 91,0% en decembro de 2020.

- Xénero: A ocupación dos homes pasou do 91,8% ao 93,6%, cun crecemento superior ao das mulleres (do 88,0% ao 89,2%).
- Lugar de residencia: O aumento foi maior no estranxeiro (do 94,4% ao 97,1%) e en Galicia (do 88,5% ao 90,0%) que noutras Comunidades Autónomas (do 94,2% ao 94,7%).


Gráfica nº3: Variación porcentual da taxa de ocupación a nivel global, por xénero e lugar de residencia



Rotación laboral

O 2,1% das persoas tituladas inquiridas mudou de emprego, sen diferenzas por xénero e máis frecuente no estranxeiro e noutras Comunidades Autónomas.

Gráfica nº4: Rotación laboral a nivel global, por xénero e lugar de traballo




- Rama de actividade: Houbo máis rotación nas entidades non lucrativas (3,4%) e sector público (3,1%) que na empresa privada (1,8%).

- Sector económico: Foi maior en turismo e restauración (6,7%), farmacéutico (6,3%), servizos sociais (5,6%), servizos informáticos (5,4%) e industria química, plástico, vidro e envases (5,0%).
- Sector económico do novo emprego: Destaca o ensino/docencia (23,4%), seguido por servizos da administración pública (12,8%), sanitario/saúde (10,6%), banca e seguros, servizos sociais e telecomunicacións (6,4% cada un).

Oportunidades laborais

O 3,5% encontrou emprego entre setembro e decembro de 2020, na súa maioría persoas que procuraban emprego (72,5%), seguido polos que preparaban oposicións (18,8%) e continuaban estudos universitarios (6,3%).


Gráfica nº5: Oportunidades laborais a nivel global, por xénero e lugar de residencia



Sector económico do novo emprego: Destacan o ensino/docencia (40,0%), seguido por investigación (12,5%), servizos da administración pública (11,1%), alimentación/industria alimentaria e servizos sociais (5,6% ambos).

Taxa de desemprego

Gráfica nº6: Variación porcentual da taxa de desemprego a nivel global, por xénero e lugar de residencia




A taxa de desemprego diminuíu o 7,1%, pasando dun 7,0% en setembro de 2020 a 6,5% en decembro de 2020.

- Xénero: A baixada masculina (do 6,2% ao 5,0%) superou á feminina (do 7,5% ao 7,4%).
- Lugar de residencia: Diminuíu no estranxeiro (do 4,0% ao 1,2%) e en Galicia (do 7,8% ao 7,3%), mais aumentou noutras Comunidades Autónomas (do 2,9% ao 3,7%).

Destrución de emprego

O 2,0% das persoas tituladas perdeu o emprego entre o 1 de setembro e o 31 de decembro de 2020.

Gráfica nº7: Destrución de emprego a nivel global, por xénero e lugar de traballo




- Tipo de contrato: Os bolseiros/as foron os máis prexudicados (6,3%), seguidos por contratos eventuais (2,1%) e indefinidos (0,2%).
- Antigüidade: Case a metade (43,9%) era inferior a seis meses, 61,0% inferior a un ano, 75,6% inferior a dous anos e o 85,4% inferior a cinco anos.
- Rama de actividade: Houbo máis destrución de emprego nas entidades non lucrativas (2,2%) e empresa privada (2,0%) que no sector público (1,3%).
- Sector económico: Afectou mormente a turismo e restauración (13,3%), actividades deportivas (12,5%), papel, gráficas, edición e reprodución (7,7%), automoción (4,1%) e servizos a empresas (3,1%).
- Causas da perda de emprego: A finalización de contrato laboral vixente (67,6%), seguida pola suspensión da actividade profesional (11,8%) e despedimentos (8,8%).
- Recuperación do emprego: A maioría (58,6%) confía en recuperalo no curto prazo, sendo maiores as expectativas das mulleres (63,2%) ás dos homes (50,0%).
- Retomada da actividade suspendida durante a segunda onda da pandemia: O 80,0% espera retomar a súa actividade ou negocio no curto prazo.
- Procura de emprego: A maioría (74,6%) procurou emprego entre setembro e decembro de 2020.

3 Impacto no modo de traballo

Modalidade de traballo durante a segunda onda da pandemia

A maioría traballou presencialmente (52,9%), 10,1 puntos porcentuais máis que os que teletraballaron de forma parcial (23,0%) ou total (19,7%). Un 2,3% viuse afectado por ERTes (ou figura semellante no estranxeiro) e o 2,0% permaneceu en casa sen traballar.

Gráfica nº8: Modalidade de traballo durante a pandemia



- Xénero: Os homes teletraballaron (47,3%) máis que as mulleres (39,5%), as cales traballaron máis presencialmente (55,1%) e estiveron en casa sen actividade laboral (3,0% contra 0,5%).
- Lugar de traballo: En Galicia o traballo presencial foi maioritario (59,8%) contra o 20,9% no estranxeiro e 32,3% noutras Comunidades Autónomas. Houbo máis ERTes noutras Comunidades Autónomas (2,7%) que no estranxeiro (1,2%) e en Galicia (1,8%).
- Rama de actividade: O teletraballo estivo máis implantado na empresa privada (24,2%) e entidades non lucrativas (23,8%) que no sector público (11,9%), onde foi maioritario o traballo presencial (64,4%). Houbo máis ERTes na empresa privada (2,8%) que nas entidades non lucrativas (1,2%).


Experiencia previa en teletraballo

A maioría (76,8%) de titulados/as que teletraballou total ou parcialmente xa teletraballara antes: o 44,1% durante a primeira onda e o 32,7% antes da aparición da pandemia. O 23,2% teletraballou pola primeira vez durante a segunda onda da pandemia.

Impacto sobre a carga de traballo

O 44,0% viu aumentada a súa carga de traballo contra un 11,0% que diminuíu, afectando máis ás mulleres (49,3%)

Gráfica nº9: Incidencia da pandemia na carga de traballo a nivel global e por xénero



- Lugar de traballo: A carga de traballo aumentou máis en Galicia (46,2%) que no resto do mundo (34,3%) ou outra Comunidade Autónoma (38,9%).
- Rama de actividade: Os empregados/as públicos (57,0%) viron máis incrementada a súa carga que nas entidades non lucrativas (35,7%) e na empresa privada (38,7%).
- Modalidade de traballo: Experimentaron máis carga de traballo as persoas que traballaron presencial (49,7% con "normalidade" e 44,4% con restricións) e semipresencialmente (44,0%) que as que teletraballaron (34,9%).


4 Implantación do Teletraballo

O estudo incluíu unha serie de preguntas¹ destinadas a valorar o Teletraballo, unha das modalidades máis eficaces para evitar os contaxios no ambiente laboral, mais que nen sempre é aplicábel a todos os empregos.

Posibilidade de teletraballar

A maioría (81,0%) acha que o seu traballo permite teletraballar de forma parcial ou total.

Gráfica nº10: Posibilidade de teletraballar a nivel global e por xénero



- Lugar de traballo: Os empregos no estranxeiro e noutras Comunidades Autónomas permiten teletraballar máis ($\pm 90\%$) que en Galicia (79,4%).
- Rama de actividade: Existen máis posibilidades de teletraballar en entidades non lucrativas (89,0%) e na empresa privada (84,3%) que no sector público (75,4%).
- Sector económico: Permiten teletraballar a totalidade de empregos do sector dos medios de comunicación/audiovisuais e servizos informáticos, ben como na banca e seguros (98,8%), telecomunicacións/IT (98,7%), enxeñaría (98,3%), actividades profesionais (97,5%), consultoría (97,1%), servizos a empresas (96,6%), investigación (93,2%), aeroespacial (90,9%) e enerxía e utilities (90,7%).

¹ "Los españoles quieren teletrabajar. Encuesta y análisis sobre el teletrabajo en España", de Adriana Scozzafava, Executiva Sénior do IESE Business School Madrid (2020).

Factores para incrementar o Teletraballo


Posibilidade de teletraballar máis se se introducisen mudanzas no posto de traballo

O 38,3% podería teletraballar máis e mellor contra o 41,1%. O resto referiu non estar certo.

Factores propiciatorios do teletraballo

Case a metade afirmou que teletraballarían máis e mellor se contasen con recursos técnicos adecuados e houbose vontade por parte das empresas/entidades.


Gráfica nº11: Factores propiciatorios do Teletraballo a nivel global e por xénero



Frecuencia desexada de Teletraballo


Case a metade (45,7%) preferiría teletraballar entre 2 e 3 días na semana (entre o 40-60% do tempo). A presencialidade total (17,4%) supera ao teletraballo total (13,7%).

Gráfica nº12: Tempo de teletraballo desexado a nivel global e por xénero




Rama de actividade: A porcentaxe de empregados públicos que descarta o teletraballo (27,6%) duplica á empresa privada e entidades non lucrativas.

Gráfica nº13: Tempo de teletraballo desexado segundo a rama de actividade



O 80,4% de persoas cuxo emprego permite teletraballar totalmente desexarían facelo a maior parte da semana.


Gráfica nº14: Tempo de teletraballo desexado segundo a posibilidade de teletraballar



Vantaxes do Teletraballo

As principais vantaxes están ligadas aos desprazamentos laborais, superando a redución do tempo (77,0%) aos aforros (60,2%).


Gráfica nº15: Vantaxes do Teletraballo a nivel global e por xénero



Inconvenientes do Teletraballo


O principal inconveniente é o illamento social e factores ligados á desconexión dixital (confusión entre o horario laboral e a vida persoal e a sobrecarga de traballo).

Gráfica nº16: Inconvenientes do Teletraballo a nivel global e por xénero



Condições de habitabilidade para teletraballar

Gráfica n°17: Condições da vivenda para teletraballar adecuadamente a nivel global e por xénero



A maioría (84,9%) podería teletraballar nas condicións actuais da súa vivenda ou con reformas menores, mostrando mellor acondicionamento as vivendas dos homes (87,6%) que das mulleres (83,0%).


5 Percepción sobre o impacto na economía

O estudo avalía o impacto da crise económica provocada pola pandemia na economía persoal e doméstica das persoas tituladas, ben como as súas expectativas de melloría no curto prazo.

Evolución da economía persoal

As persoas que viron diminuídos os seus ingresos persoais durante o ano 2020 (19,1%) superaron ás que aumentaron os seus ingresos (10,9%).


Gráfica nº18: Evolución da economía persoal a nivel global e por xénero



Evolución da economía doméstica

A pandemia provocou unha caída nos ingresos da economía doméstica do 26,5% das persoas tituladas, véndose afectadas máis mulleres (28,3%) que homes (23,7%).

Gráfica nº19: Comparativa do empeoramento da economía doméstica durante a primeira e segunda onda da pandemia



Expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo

O 21,2% encara positivamente o futuro inmediato da súa economía, mostrándose os homes máis optimistas que as mulleres (26,4% contra 17,7%), ben como os emigrados no estranxeiro (34,5%) e noutras Comunidades Autónomas (25,5%).

Gráfica nº20: Comparativa das expectativas de melloría da economía doméstica no curto prazo durante a primeira e segunda onda da pandemia

